



Correlingua 2018 en Ourense

### XA TEMOS MANIFESTO 2019!

O **alumnado de 4º da ESO do IES de Carral** gañou o concurso de manifesto do Correlingua 2019! Estas mozas e mozos fixeron seu o lema do Correlingua 2019, **o galego é a fórmula**, e desenvolveron no manifesto xuntándoo cos elementos da táboa periódica nunha proposta moi inspiradora! O manifesto está dispoñíbel na web do Correlingua e durante o mes de maio abrirá as doce festas finais do Correlingua 2019.

Antes disto, as gañadoras e gañadores gozarán do seu premio: unha estadía de dous días na comarca de Pontedeume que compartirán co alumnado que gañe o concurso de vídeo na categoría de secundaria.

### XURI DO CANTALINGUA

O Cantalingua é o concurso miscal do Correlingua. Xa rematou o prazo para que os grupos e solistas enviase as súas propostas e podedes escoitalas en [correlingua.gal/cantalingua/cantalingua-2019](http://correlingua.gal/cantalingua/cantalingua-2019).

Para participar co voso alumnado como xuri na escolla dos grupos que participarán nas festas finais do Correlingua poñédevos en contacto con nós **antes do 15 de marzo** e facilitarémovos as ferramentas precisas.

### INSCRICIÓNS

Se aínda non estades anotados no Correlingua 2019 podedes facer a inscrición cubrindo os campos do formulario web en [correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscripcion-na-festa-final](http://correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscripcion-na-festa-final). O prazo de inscrición nas festas finais remata o 15 de abril.

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web ([www.correlingua.gal](http://www.correlingua.gal)), nas páxinas de Instagram e Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico [correlingua@gmail.com](mailto:correlingua@gmail.com) e [correlingua@correlingua.gal](mailto:correlingua@correlingua.gal)